

XXIX DOMINGO ORDINARIO (B)

PRIMEIRA LECTURA Is 53, 10-11

Lectura do libro de Isaías

O Señor quixo esmagalo co seu sufrimento: Si, entrega a túa vida en expiación polo pecado.

Pero el verá descendencia, alongará os seus días e por medio del cumprirase a salvación do Señor.

Polos traballos da súa vida verá a luz, alcanzará a sabedoría.

O Xusto volverá xusto o seu Servo para o ben de moitos e as iniquidades destes el soportará.

SALMO RESPONSORIAL Sal 32, 4-5. 18-19. 20 e 22

R/. (22): **Veña a nós, Señor, a túa misericordia, como de ti o esperamos.**

A palabra do Señor é recta
e tódalas súas obras son leais:
el ama o dereito e a xustiza,
a súa misericordia enche a terra.

Os ollos do Señor están postos nos que o temen,
nos que esperan na súa misericordia,
para libra-las súas vidas da morte,
para os manter no tempo da miseria.

Nós agardámo—lo Señor:
El é o noso socorro, o noso escudo.
Veña a nós, Señor, a túa misericordia,
como de ti o esperamos.

SEGUNDA LECTURA Heb 4, 14-16

Lectura da carta ós Hebreos

Irmáns: Xa que temos un Sumo Sacerdote grande que penetrou no ceo, Xesús, o Fillo de Deus, manteñámo-la esperanza que profesamos.

Pois non temos un Sumo Sacerdote incapaz de se compadecer das nosas debilidades, senón un Sumo Sacerdote probado en todo coma nós, fóra do pecado.

Acheguémonos pois, con liberdade, ó trono da gracia, para conseguirmos misericordia e acada-la gracia para unha axuda no tempo debido.

EVANXEO Mc 10, 35-45 (longa)

Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, achegándose a Xesús os fillos de Zebedeo -Santiago e mais Xoán-, díxéronlle: - Mestre, nós queriamos que nos fixése-lo que che imos pedir.

El preguntou: - ¿E logo, que é o que queredes que vos faga?

Contestáronlle: - Concédenos que na túa gloria sentemos un á túa dereita e outro á túa esquerda.

Respondeulles Xesús: - Vós non sabedes ben o que pedides. ¿Seredes capaces de beber-lo cáliz que eu teño que beber, e recibi-lo bautismo que eu teño que recibir?

Respondéronlle: - Somos.

Xesús replicou: - O cáliz que teño que beber, si que o beberedes, e tamén recibiréde-lo bautismo que eu teño que recibir, pero o sentardes á miña dereita ou á miña esquerda, iso non depende de min o concedelo, senón que é para os que está reservado.

Ó escoitaren isto, os outros anoxáronse con Santiago e con Xoán. Entón Xesús chamounos e díxolles: - Xa sabedes que os xefes dos pobos os tiranizan e que os poderosos os asoballan. Pero entre vós non pode ser así. Nin moito menos, quen queira ser importante, que sirva os outros, e quen queira se-lo primeiro, que sexa o máis servicial. Que o Fillo do Home non veu a que o sirvan, senón a servir, e a entrega-la súa vida en rescate por todos.

Ou: 42-45 (máis breve)

Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, chamando Xesús ós doce, dixolles: - Xa sabedes que os xefes dos pobos os tiranizan e que os poderosos os asoballan. Pero entre vós non pode ser así. Nin moito menos, quen queira ser importante, que sirva os outros, e quen queira se-lo primeiro, que sexa o máis servicial.

Que o Fillo do Home non veu a que o sirvan, senón a servir, e a entrega-la súa vida en rescate por todos.